

A historia do Sanatorio Marítimo de Oza é a suma das historias dos que nel estiveron. En moitos casos foron persoas cuxa existencia quedou marcada por desgrazas persoais derivadas de enfermidades ou distintas patoloxías, na actualidade minimizadas polo desenvolvemento da ciencia, e que acudiron ao Sanatorio coa esperanza de ver os seus males aliviados. Tamén é a historia dos que traballaron aquí para axudar a superar os males padecidos por outros, en moitos casos nenas e nenos que ao longo das décadas de funcionamento da institución pasaron polo lugar de Oza. Paradoxalmente, xardíns e pavillóns seguen vendo pasar centos de rapaces, aínda que cunhas ilusións ben diferentes dos que xogaban na antiga Praia de Oza hai máis de cen anos.

Unha desas historias ben podería ser a da mestra Elvira Bao Maceiras, quen traballou no Sanatorio de Oza desde o ano 1920 ata o comezo da Guerra Civil en 1936. Foi presidenta da Agrupación Republicana Feminina, sendo as súas conviccións como republicana e galeguista as que motivaron que fose destituída e posteriormente represaliada (estivo varios meses no cárcere antes de ser separada definitivamente do ensino público). Traballou coas nenas e nenos das colonias escolares e así se pode ver en imaxes da época facendo ximnasia con eles na praia. Segundo relata a súa filla Elvira Varela Bao (nomeada republicana de honra pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica en 2013), a súa nai era bastante crítica co funcionamento do Sanatorio, sobre todo en canto á alimentación dos rapaces que, a pesar de vir a Oza para “robustecerse”, vían a miúdo como os propios mestres eran os que mellor comían, conformándose eles con alimentos moito menos nutritivos.

Estas nenas e nenos das colonias escolares tamén forman unha boa parte da historia do lugar. Húmildes de procedencia, viñan contentos de distintos lugares da península a pasar os meses de verán: xogaban, ían á praia (moitos deles posiblemente nunca a terían visto) e aprendían cancións en que contaban as súas vivencias no Sanatorio. Ao rematar estas “vacacións” volvían tristes ás súas realidades. A dicir verdade, tampouco eran anxiños, pois algunha vez alguén lle tiraba unha pedra a un mestre ou lle metía un roedor a unha monxa no cuarto..., ben, iso din. Polo menos, os que estiveron nos anos 30 tiñan asegurada a visita do circo Feijoo, que cada ano chegaba á Coruña e celebraba unha función no Sanatorio para os pequenos, no comedor do Pavillón do Fortín.

Outra historia podería ser a do médico cirurxián madrileño Adolfo López Durán. Foi o encargado desde 1912 da planificación do Pavillón Cirúrxico cara ao tratamento da tuberculose osteoarticular. Ante a falta de persoal titulado en enfermaría, fixo vir enfermeiras do Instituto Rubio de Madrid, pero como estas non se adaptaron, decidiu formar outras procedentes de Galicia, as cales tras a teoría e a práctica, se examinaban na Facultade de Medicina de Santiago de Compostela para así obter o título oficial (este dereito foi recoñecido por unha Real orde no ano 1915). López Durán vivía en Madrid e facía visitas anuais ao Sanatorio, cousa que non agradaba moito á prensa coruñesa, derivando a situación nunha campaña pública de desprestixio que levou a este a presentar a dimisión en 1923, aínda que no fondo parece ser que había motivos de envexas profesionais.

Moitas máis historias non contadas pasaron polo Sanatorio de Oza. Non hai que esquecer que foi, e é, un lugar de lecer, pois moitos veciños da cidade, sobre todo da zona dos Castros, desprazábanse á praia, atravesando o lugar de Oza. Por último, tamén lembrar os familiares dos que nel estiveron ingresados meses ou anos, que viñan facerlles compañía, algún incluso todos os días. Por todo isto, e pese a estar “agochado” entre as árbores e o mar nos arredores da cidade, falar de Oza é falar da Coruña e dos seus habitantes nos últimos cen anos.